

MEMORIA PODCAST “Unha regueífa a Don Florencio”

É probable que as mellores historias teñan xurdido dun xeito inesperado. Esta, sen pretender aspirar a semellante cualificativo, puido ter xermolado despois da visita de Teresa Reigía Pose ao CEIP Milladoiro, en Malpica de Bergantiños. *Teresa dos cucos*, cantadora bergantiñá e galardoadada co premio de *mestra da memoria*, pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, foi entrevistada na *Radio Balea* por nenas e nenos do colexio e transmitiu, unha paixón tan súa por unha arte tan propia que, seguramente e sen ser consciente, influíu na posterior decisión do alumnado de, tendo en conta o Proxecto Documental Integrado do centro para o presente curso escolar, vinculado ao patrimonio inmaterial da súa contorna, querer conmemorar e afondar na figura de Florencio Delgado Gurriarán, autor homenaxeado co gallo das Letras Galegas deste ano 2022, dun modo intimamente ligado á vida e á cultura malpicá.

- Removeu a biblioteca escolar na pescuda de información sobre o poeta valdeorrés e quixo compartila, coa comunidade e co mundo, da forma máis atrevida e próxima que, probablemente, coñeza. Había ser ao xeito dunha regueifa.
- Consultou posteriormente varias páxinas da rede, *asletrasdeflorencio.gal* ou *academia.gal*; revisou diferentes publicacións, *Florencio Delgado Gurriarán, polos vieiros da saudade* de Héctor Cajaraville, *De Valdeorras a México. A terra nosa!* ou *Un legado infindo* de Lucía Gómez Álvarez; e foi quen de compor uns versos biográficos sobre o autor.
- Contactou con Charo Lema, mamá dun alumno da escola e cantador na gravación enviada, propóndolle unha colaboración con todas e todos eles na realización dun pequeno obradoiro onde habían interiorizar esa maneira tan propia e particular de cantar, de falar e de contar.
- E finalmente, froito de todo ese proceso, viu a luz o podcast que hoxe queren enviarvos.

Atópanse e atopámonos compracidas e compracidos.

Ao mesmo tempo que coñeceron e coñecemos, dende un punto de vista distinto, a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán, séntense e sentímonos máis orgullosas do sitio onde viven e vivimos, da cultura e da arte que herdaron e herdamos, e da lingua que falan e falamos.

O proxecto do *podcast regueifeiro* deu ademais para traballar contidos do currículo académico e contribuír ao logro dos obxectivos xerais de etapa da Educación Primaria e á adquisición das competencias clave: empregáronse as TIC na pescuda de información e na gravación da audición aproximándose á *competencia dixital*; desenvolvéronse as *competencias ALFIN/AMI* na síntese, procura e selección de información dende diversas fontes para transformala en coñecementos; traballáronse as *competencias sociais e cívicas* mediante a participación activa e cooperativa de alumnado, profesorado e comunidade educativa; afondouse na competencia *conciencia e expresións culturais* ao achegar ao alumnado ao patrimonio popular próximo e melloráronse outras, como a *competencia comunicativa lingüística* ou a *competencia para aprender a aprender*.

Foi un proceso enriquecedor, levado a cabo de xeito cooperativo e interdisciplinar, abordado, dende o cariño, a emoción e o respecto pola vida e a cultura galega e malpicá, onde a biblioteca escolar, eixo condutor da vida do centro, exerceu de sostén e medio dinamizador.

ESCALETA "Unha regueífa a Don Florencio"

CEIP MILLADORIO. MALPICA DE BERGANTIÑOS.

IV CONCURSO DE PODCASTS - RADIO NA BIBLIO (MODALIDADE II)

Unha regueífa a Don Florencio DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2022		IV CONCURSO DE PODCASTS - RADIO NA BIBLIO 	RADIO BALEA  B. E. LEOLAB MILLADOIRO 
TEMPO DA INTERVENCIÓN	TEMPO TOTAL TRANSCORRIDO	LOCUTOR/A	CONTIDO
7"	7"	NON HAI	<u>SON DE FONDO: "Porto de Malpica"</u>
10"	17"	Noela 3º EP	<i>En Malpica, Berghantiños, onde a Terra sabe a mare a vida de Don Florencio querémosvola cantare</i>
10"	27"	Daniella 5º EP	<i>Ond´a Terra sabe o mare pedímosvos atención de Delgado Gurriarán ei vos vai a información</i>
9"	36"	Mara 4º EP	<i>Pedímosvos atención escoitade a estas cotorras vimos falar dun poeta da zona de Valdeorras</i>

3"	39"	NON HAI	<u>SON: "Toque de pandeiro"</u>
24"	1'03"	Alba 5ºEP	No Ceip Milladoiro de Malpica de Bergantiños quixemos afondar na vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán, avogado e poeta galego, nado en Córghomo, Vilamartín de Valdeorras, un 27 de agosto de 1903 e figura homenaxeada na festividade das Letras Galegas deste ano 2022. Fixémolo dunha maneira moi próxima a nós.
11"	1'14"	Daniella 5º EP	<i>Marchou novo pra Castela seica tiña que estudar a finais dos anos 20 pra Ghalicia voltar</i>
10"	1'24"	Noa 4º EP	<i>Seica que tiña que estudar pra ser home de proveito e despois de pensar moito acabou de picapleitos</i>
11"	1'35"	Marco García 3º EP	<i>Foivos home de proveito e moitas cousas facía quixo probar a escribire disque o del foi a poesía</i>
3"	1'38"	NON HAI	<u>SON: "Toque de pandeiro"</u>

27''	2'01''	Daniella 5º EP	Aos 6 anos, Florencio marcha a Palencia, debido ao traballo do seu pai. Posteriormente, remata o Bacharelato e cursa a carreira de Dereito na cidade de Valladolid. Regresa a Galicia en 1928 e exerce como avogado na súa Valdeorras natal. Así mesmo, entra en contacto co asociacionismo e os movementos galeguistas da contorna e escribe os seus primeiros poemas.
9''	2'10''	Natalia 4º EP	<i>Sabemos que traduci que quixo ser xornalista e acabou de avogado do partido galeguista</i>
9''	2'19''	Mónica 4º EP	<i>Querervos ser xornalista ten certa complicación na España dos anos 30 unha arriscada elección</i>
10''	2'29''	Daniella 5º EP	<i>Por ser algo complicado Don Florencio reacciona cara América pon rumbo antes para en Barcelona</i>
2''	2'31''	NON HAI	<u>SON: "Toque de pandeiro"</u>
44''	3'15''	Alba 5ºEP	A comezos da década dos 30, Delgado Gurriarán asina distintos artigos en diferentes xornais e entra en contacto coas Irmandades da Fala e o Partido Galeguista, con quen acaba colaborando. En 1934 sae á luz, "<i>Bebedeira</i>", o seu primeiro libro de poemas. 2 anos máis tarde, en 1936, o estalido da Guerra Civil leva consigo a fuxida do autor cara o exilio. Antes de embarcar a América, decide alistarse no exército republicano. Está profundamente comprometido coa idea de defender a democracia e a liberdade.

9"	3´24"	Mónica 4º EP	<i>Como tivo que marchar decidiuvos o paisano ir camiño, coma tantos, do exilio mexicano</i>
11"	3,35	Noela 3ºEP	<i>Decidiuvos ademáis seghir a contribuir con Galicia e coa cultura maís propia deste país</i>
20"	3´45"	Carlos 3º EP	<i>E ao querer contribuir onde a Terra sabe o mare coa cultura e con Galicia saíunos este cantare</i>
2"	3,47"	NON HAI	<u>SON: "Toque de pandeiro"</u>
36"	4´23"	Daniella 5ºEP	En México, Florencio Delgado mantén o seu compromiso con Galicia e colabora en distintas iniciativas políticas e culturais vinculadas ao noso país. Traduce ao galego obras francesas e inglesas e publica, entre outras, <i>"Galicia infinda"</i> ou o <i>"Soño do guieiro"</i>. Florencio Delgado Gurriarán falece en California, Estados Unidos, o 14 de maio de 1987. Antes diso, volvería a Galicia, dende o exilio, unhas 3 ou 4 veces. Levou no peto, cando a el, un itinerario vital de compromiso coa Terra, preñado de ética e dignidade persoal.
11"	4´´34"	Marco García 3ºEP	<i>Cantade todas comigho nesta copla derradeira Malpica de Berghantiños é Terra de cantareiras.</i>
4"	4´38"	NON HAI	<u>SON: "Toque de pandeiro"</u>